

## RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DIRECTA DE ADQUIRENTES EN 2ª OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS

EXPEDIENTE: <u>C87502:146</u>
SITUACIÓN: <u>R/ FONTE DA BALSA, 5, P-1, 4º E - CULLEREDO</u>

Por resolución da xefatura territorial de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de A Coruña de data 13 de outubro de 2014 iniciouse o proceso de selección de adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ó expediente C87502:146, ó abeiro do disposto no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade de Galicia.

Co obxecto de seleccionar adquirentes para dita vivenda, esta foi ofertada a través da páxina web do IGVS ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

Tendo en conta que, no prazo citado no parágrafo anterior, para dita vivenda só se presentou unha solicitude de inclusión no procedemento de selección de adquirentes, presentada por DNA. DOSINDA AMEIJERAS GOMEZ, no acto que se celebrou o pasado 25 de novembro de 2014 ante notario declarouse adxudicatario provisional a dona DOSINDA AMEIJERAS GOMEZ (nº credencial 61,600). Como consecuencia delo, e unha vez comprobado o cumprimento por parte do interesado dos requisitos esixidos para ser designado adquirente, facendo uso das súas competencias, o xefe territorial da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en A Coruña

### ACORDA:

1. Non realizar o sorteo.
2. Declarar directamente adquirente a don/a DOSINDA AMEIJERAS GOMEZ (nº credencial 61,600).

Contra dita resolución, que non esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso de alzada ante o señor conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución de conformidade co disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola ley 4/1999, de 13 de xaneiro.

A Coruña, 09 de decembro de 2014.

O/A xefe territorial da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

José Antonio Álvarez Vidal

